



Ollos abertos

Profesións para axudar aos demais

Case todas as persoas teñen unha profesión ou oficio, cos que prestan un servizo á sociedade.

■ Algunhas profesións necesarias para vivir

Cando...	Para iso é necesario...
<ul style="list-style-type: none"> • Cando vou ao cuarto de baño, encontro auga, xabón, toalla... 	<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Cando me vou vestir, podo elixir entre distintas pezas de roupa. 	<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Cando acudo á cociña, encontro na neveira alimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Cando saio á rúa, vexo tendas, oficinas, parques... 	<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Cando estou no colexio, aprendo moitas cousas. 	<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Cando me poño enfermo, vou ao hospital. 	<ul style="list-style-type: none"> •



Mirada penetrante

A nosa relación coas profesións

Todas as profesións son importantes e necesarias para que a sociedade funcione ben e poidamos gozar de benestar e comodidades.

¿Como deben comportarse as distintas profesións?	¿Como comportarnos nós ante as distintas profesións?
<ul style="list-style-type: none"> • • • • • Non desprezar como inferiores aos de outras profesións. 	<ul style="list-style-type: none"> • • • • •

- ▶ ¿Cales son as profesións que están máis ao meu servizo todos os días?
- ▶ ¿Como me porto con eles? ¿Son agradecido? ¿Teño respecto? ¿Presto colaboración?



Oídos atentos

Os sacramentos da Orden Sacerdotal e do Matrimonio

Cristo, ao fundar a Igrexa, quixo que algúns realizasen unha tarefa especial como servizo a toda a comunidade. Por iso estableceu os sacramentos da Orde Sacerdotal e do Matrimonio.

1 ■ Xesús e a vida sacerdotal e matrimonial

A vida sacerdotal



Como o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós. (Xn 20,21)
 Asegúrovos que quen acolla a aquel que eu mande, acólleme a min; e quen me acolle a min, acolle ao que me mandou. (Xn 13,20)
 Xesús díxolle a Simón Pedro:
 -¡Apacenta os meus años! ¡Apacenta as miñas ovellas! (Xn 21,15-16)



A vida matrimonial

Xesús dixo:
 -O home deixará a seu pai e máis a súa nai, unirase coa súa muller e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. Polo tanto, o que Deus xuntou que non o separe o home. (Mt 19,4-6)

2 ■ Sacramentos ao servizo da comunidade

	Orde Sacerdotal	Matrimonio
En que consiste	O mesmo Señor... instituíu a algúns por ministros, que na comunidade dos crentes posúen a sagrada potestade da orde, para ofrecer a Eucaristía e perdoar os pecados, e desempeñaran publicamente o servizo sacerdotal polos homes en nome de Cristo. (PO 2)	Os esposos cristiáns, en virtude do sacramento do Matrimonio, axúdanse mutuamente a santificarse na vida conxugal e na acollida e educación dos fillos e por iso posúen a súa propia función dentro do pobo de Deus, no seu estado e forma de vida. (LG 11)
Quen o administra	Os bispos, sucesores dos Apóstolos, transmiten este don aos elixidos para o sacerdocio.	Os mesmos esposos. O bispo, sacerdote ou diácono asiste como testemuña da Igrexa e bendíceos no seu nome.
Como se administra	Realízase pola imposición das mans do bispo. Órase a Deus, para que mande ao Espírito Santo, que o faga capaz de exercer a tarefa que se lle encomenda.	Os esposos expresan libremente o seu consentimento: "Eu quero a ti como esposo/a e entrégome a ti e prometo serche fiel nas alegrías e nas penas, na saúde e na enfermidade todos os días da miña vida".

Como debe recibirse	Con liberdade, aceptando as responsabilidades do sacerdocio.	Con liberdade, aceptando as responsabilidades do matrimonio.
A quen se administra	A un home bautizado que, chamado pola autoridade da Igrexa e considerado digno, acepta libremente e comprométese a exercelo responsablemente.	A un home e unha muller, bautizados, solteiros ou viúvos, que libremente e por amor deciden casar e son capaces de vivir as responsabilidades do matrimonio e a familia.
Que se recibe nel	A graza do Espírito Santo que o fai capaz de: <ul style="list-style-type: none"> • Representar a Cristo, Cabeza da Igrexa. • Comunicar a salvación de Cristo hoxe. • Representar a Igrexa nas oracións e ofrendas a Deus. Un selo imborrable, carácter, que o marca para sempre cun parecido, unha semellanza a Cristo.	Un vínculo, un lazo de unión entre os esposos, que non pode romperse (indisoluble) Unha graza que: <ul style="list-style-type: none"> • Os fai fortes para vivir o amor e a fidelidade entre eles e para educar ben aos seus fillos. • Perfecciónaos para amarse como Cristo ama á Igrexa, para facer da súa familia unha “igreja doméstica”.

► Pon V (Verdadeiro) ou F (Falso) en cada unha das seguintes afirmacións:

- Un cristián queda constituído en sacerdote pola oración de bendición do bispo.
- Cando un home e unha muller expresan ante un bispo, sacerdote ou diácono o seu consentimento e se din un ao outro “Eu quérote a ti...”, quedan xa casados.
- Para casar ou ser sacerdote non é necesario facelo libremente.
- Non é necesario estar bautizado para recibir os sacramentos da Orde ou do Matrimonio.
- Estes dous sacramentos imprimen carácter, marcan cun selo imborrable aos que o reciben.
- O que recibe o Sacramento da Orde queda capacitado para representar a Cristo e comunicar hoxe a súa salvación aos homes.

V F

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



Memoria esperta

O sacerdocio ministerial e o matrimonio

A Igrexa apreciou sempre o sacerdocio e o matrimonio. Por iso, invita a todos a buscar o camiño ao que Deus os chama.

- ¿A que chamamos sacerdocio ministerial?
- ¿Como se celebra o Sacramento da Orde?
- ¿Que é o matrimonio cristián?
- ¿Como se celebra o Sacramento do Matrimonio?



A chamada de Xesús

Xesús chamou a algúns a prestar un servizo na Igrexa e na sociedade. Pero houbo varias respostas á súa chamada.

■ Respostas ás chamadas de Xesús

Uns aceptan a chamada de Xesús		<i>Eles deixaron de contado as redes e seguírono. (Mt 4,18,20)</i>
Algúns poñen condicións		<i>Seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia. (Lc 9,61-62)</i>
Outros rexéitana		<i>O xove marchou moi apesurado: tiña moitos bens. (Mt 19,21-22)</i>



■ A miña resposta

Eu tamén son chamado por Xesús a unha destas vocación. Podo responder cun si, cun non ou tamén poñer condicións.

- ▶ ¿Como podo responder á súa chamada?
- ▶ ¿Como prepararme para exercer ben o día de mañá a miña vocación?
- ▶ Se me chamase ao sacerdocio, ¿que lle diría? ¿Por que?

■ Dúas vocacións necesarias

O matrimonio e o sacerdocio son dúas vocación necesarias como servizo á sociedade e á Igrexa.

- ▶ ¿Como debemos comportarnos ante os sacerdotes e ante os esposos e esposas?

Amalos	Respectalos	Axudarlles	Criticalos
“Pasar deles”	Escoitalos	Desprezalos	Desobedecelos
	Enganalos	Orar por eles	
- ▶ Subliña aquelas palabras que expresan as actitudes que debemos ter ante eles.
- ▶ ¿Que fago eu máis frecuentemente?